



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES REGULADORAS A INSCRICIÓN NA ACTIVIDADE MANUALIDADES DO CONCELLO DE BARBADÁS 2022/2023

Artigo 1. Obxectivo e ámbito de aplicación.

As presentes bases regularán o proceso de inscrición na actividade de “Manualidades” organizado polo Concello de Barbadás no período 2022/2023.

Artigo 2. Destinatarios.

A actividade lúdica está dirixida a poboación adulta, maiores de 18 anos.

Artigo 3. Lugar de desenvolvemento.

A actividade desenvolverase nos seguintes locais sociais:

- Local social de Loiro.
- Local social de Sobrado.
- Local social de Bentraces.
- Local social de Barbadás.
- Local social das Lamas.
- Local social O Fonval.
- Local social do Fonsillón.
- Local social da Finca Fierro.
- Local social de Parada.
- Local social de Piñor.
- Local social de Santa Uxía.

Artigo 4. Nº de prazas ofertadas.

Para que se leve a cabo a actividade lúdica será preciso un número mínimo de 5 persoas e un máximo de 15 persoas.

Artigo 5. Horario e calendario.

A actividade comezará en outubro do 2022 e rematará en maio do 2023.





CONCELLO DE BARBADÁS

En horario de tarde.

O horario determinarase no momento da aprobación dos listados definitivos.

Artigo 6. Criterios de adxudicación.

- Cada solicitante só poderá inscribirse nun local.
- No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.
- No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas, resolverase usando como criterio, o resultado obtido o 23 de febreiro de 2022 do Sorteio anual de letras de prioridade para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado para o curso 2022/2023 (artigo 29 da Orden do 12 de Marzo de 2013). As letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son: “V” e “U”; así mesmo afectan ao segundo apelido as letras: “A” e “Z”.

Artigo 7. Prazos e lugar de presentación de inscricións.

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 01 de setembro ata o día 15 de setembro de 2022 (ámbolos inclusive).

A solicitude debidamente cumprimentada deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>.
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello 988 36 00 00, Oficinas A Valenzá 988 39 31 68).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 8. Publicación dos admitidos/excluídos.

O listado provisional de admitidos/as publicarase o día 20 de setembro de 2022 na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es), e nos taboleiros de anuncios do Concello e das oficinas municipais da Valenzá.





CONCELLO DE BARBADÁS

Os listados definitivos publicaranse o día 26 de setembro de 2022.

Artigo 9. Solicitudes de alta fora de prazo de inscrición.

Estarán suxeitas ás prazas dispoñibles. De non existir praza, pasarán a formar parte da lista de espera.

Artigo 10. Custo do servizo.

A actividade “Manualidades” é de balde, está subvencionado polo Concello de Barbadás.

Artigo 11. Chamamento por lista de espera.

No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde aos solicitantes en lista de espera. Realizarase un máximo de 2 chamadas, de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ao seguinte solicitante da lista.

ORGANIZA.

Concello de Barbadás.

Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal.

Teléfono de información: 988 39 31 68 (Oficinas Municipais da Valenzá).

A participación na actividade “Manualidades” supón a aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito de realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento da actividade “Manualidades”.

